



# **OCUPACIÓN HOTELEIRA**

## **Análise nos destinos urbanos de Galicia**

**Outubro 2020**

---

**CONCELLO DE A CORUÑA**


---

*Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de A Coruña*

| Outubro 2020         |            |               |
|----------------------|------------|---------------|
| <b>VIAXEIROS</b>     | Nº         | <b>15.630</b> |
|                      | Var. 20/19 | -59,8%        |
| <b>PERNOCTACIÓNS</b> | Nº         | <b>38.975</b> |
|                      | Var. 20/19 | -54,1%        |
| <b>ESTADIA MEDIA</b> | Nº         | <b>2,49</b>   |
|                      | Var. 20/19 | 14,2%         |
| <b>OCUPACIÓN (%)</b> | %          | <b>24,70%</b> |
|                      | Var. 20/19 | -28,58        |
| <b>ADR (€)</b>       | €          | <b>44,9 €</b> |
|                      | Var. 20/19 | -30,7%        |
| <b>RevPAR (€)</b>    | €          | <b>13,5 €</b> |
|                      | Var. 20/19 | -72,4%        |


*Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.*

| Outubro 2020                  |            |               |
|-------------------------------|------------|---------------|
| <b>VIAXEIROS NACIONAIS</b>    | Nº         | <b>14.292</b> |
|                               | Var. 20/19 | -52,7%        |
| <b>VIAXEIROS ESTRANXEIROS</b> | Nº         | <b>1.338</b>  |
|                               | Var. 20/19 | -84,5%        |
| <b>PERNOCT. NACIONAIS</b>     | Nº         | <b>34.956</b> |
|                               | Var. 20/19 | -46,6%        |
| <b>PERNOCT. ESTRANXEIROS</b>  | Nº         | <b>4.019</b>  |
|                               | Var. 20/19 | -79,4%        |

**OUTUBRO 2020**

- No pasado mes de outubro rexístrase unha caída importante dos niveis de demanda hoteleira na cidade de A Coruña. A cifra de viaxeiros aloxados descende un 60% e o volume de noites un 54% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Esta notable caída, acontecida nun contexto de expansión da segunda ola da pandemia que leva á declaración do estado de alarma o 25 de outubro acompañada de diversas restricións a nivel estatal, autonómico e local, contrasta cos incrementos rexistrados nos tres últimos anos que levaron a acadar un máximo histórico en 2019 con 85 mil noites. O descenso deste ano, sen precedentes na serie histórica, deixa o nivel final en mínimos con 39 mil noites –a cifra máis elevada dos destinos urbanos de Galicia–.

- En termos de viaxeiros aloxados rexístrase igualmente un descenso importante que rompe de forma abrupta coa serie de anos anteriores.
- O comportamento da demanda hoteleira en A Coruña neste mes de outubro vai na liña do observado nos meses anteriores deste 2020. Tanto no verán coma no mes de setembro o volume de noites descende en termos interanuais en porcentaxes que superan o 50% en todos os casos.
- O 90% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 10% restante é de orixe internacional.
- Neste mes de outubro obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes, do 47% o turismo de ámbito nacional e do 79% o internacional.
- En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellora a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 77% do total das noites hoteleiras en outubro do pasado ano ao 90% actual –a porcentaxe máis alta desde o 2006-.
- Neste contexto negativo rexístrase en cambio unha mellora da estadia media nos hotéis e pensións da cidade. En particular, sobe un 14,2% para situarse en 2,5 noites –cifra que supón un máximo na serie histórica do mes de outubro e que paralelamente se sitúa na segunda máis elevada dos destinos urbanos de Galicia, por detrás de Ferrol-.
- Descende o nivel de demanda nun contexto onde se rexistra unha estabilización da oferta dispoñible. Neste sentido o volume de prazas ofertadas mantense nos niveis de outubro do pasado ano con pouco máis de 5.000 no conxunto da cidade.
- Tal circunstancia leva a que se rexistre neste mes un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 53,3% en outubro do pasado ano ao 24,7% deste ano-. A perda achégase aos 29 puntos porcentuais e coloca a porcentaxe deste ano en mínimos da serie histórica mais por encima da media dos destinos urbanos de Galicia.
- As tarifas hoteleiras descenden tamén e de forma notable neste primeiro mes do cuarto trimestre –un 31% en particular- situándose en 44,9 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A caída do nivel de demanda e ocupación acontece, por tanto, nun contexto de descenso das tarifas hoteleiras. Ambas circunstancias levan a un empeoramento dos niveis de rendibilidade hoteleira –o RevPAR hoteleiro cae nun 72% para situarse en 13,5 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-.

*Noites hoteleiras no concello de A Coruña. Mes de outubro 2012-20*

## CONCELLO DE FERROL

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Ferrol

| Outubro 2020         |            |               |
|----------------------|------------|---------------|
| <b>VIAXEIROS</b>     | Nº         | <b>2.116</b>  |
|                      | Var. 20/19 | -58,0%        |
| <b>PERNOCTACIÓNS</b> | Nº         | <b>9.007</b>  |
|                      | Var. 20/19 | -21,6%        |
| <b>ESTADIA MEDIA</b> | Nº         | <b>4,26</b>   |
|                      | Var. 20/19 | 86,6%         |
| <b>OCUPACIÓN (%)</b> | %          | <b>28,63%</b> |
|                      | Var. 20/19 | -12,18        |

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


| Outubro 2020                  |            |              |
|-------------------------------|------------|--------------|
| <b>VIAXEIROS NACIONAIS</b>    | Nº         | <b>1.731</b> |
|                               | Var. 20/19 | -57,8%       |
| <b>VIAXEIROS ESTRANXEIROS</b> | Nº         | <b>384</b>   |
|                               | Var. 20/19 | -58,9%       |
| <b>PERNOCT. NACIONAIS</b>     | Nº         | <b>5.585</b> |
|                               | Var. 20/19 | -35,6%       |
| <b>PERNOCT. ESTRANXEIROS</b>  | Nº         | <b>3.423</b> |
|                               | Var. 20/19 | 21,1%        |

### OUTUBRO 2020

- No pasado mes de outubro rexístrase unha caída dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Ferrol. A cifra de viaxeiros aloxados descende nun 58% e o volume de noites nun 22% en relación ao mesmo período do pasado ano. Son porcentaxes importantes pero inferiores ás dos restantes destinos urbanos de Galicia. Neste sentido Ferrol é a cidade que presenta o mellor comportamento en termos relativos neste mes, circunstancia que xa acontecía en setembro.
- Esta notable caída, acontecida nun contexto covid19, contrasta cos incrementos rexistrados nos tres últimos anos –de intensidade variable- que situaron o volume final de 2019 en máis de once mil noites. O descenso deste ano sitúa o nivel final en nove mil –a cifra máis baixa dos destinos urbanos de Galicia-.
- En termos de viaxeiros aloxados rexístrase igualmente un descenso neste mes que coloca o nivel final en pouco máis de dous mil.
- Neste mes o 62% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 38% restante é de orixe internacional.

- En outubro obsérvase un comportamento dispar dos dous grandes segmentos de mercado, circunstancia atípica neste contexto de caídas xeneralizadas. O turismo de ámbito nacional presenta unha caída do 36% provocada por un descenso da cifra de viaxeiros españois aloxados, do 58%, nun contexto de mellora da estadia media que amortigua en parte este descenso.
- O turismo internacional presenta en cambio un comportamento positivo, superando nun 21% o volume de noites de outubro do pasado ano. Tal circunstancia, atípica neste mes, vén como consecuencia dunha forte mellora da estadia media –que triplica o nivel do pasado ano situándose en 8,9 noites- nun contexto no que a cifra de viaxeiros estranxeiros cae nun 59%.
- O mellor comportamento relativo do turismo internacional leva a que neste mes mellore a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 25% do total das noites hoteleiras en outubro do pasado ano ao 38% actual. A diferenza non é moi elevada pero si importante polo que significa de contraste coa dinámica global dos restantes destinos turísticos de Galicia.
- Neste contexto negativo rexístrase un notable incremento da estadia media global nos hoteis e pensións da cidade. En particular, sobe nun 87% para situarse preto de 4,3 noites –a cifra máis alta dos destinos urbanos de Galicia-.
- Descende o nivel de demanda nun contexto onde se produce un incremento da oferta dispoñible. Neste sentido o volume de prazas ofertadas sobe un 15,2% en relación ao pasado ano, con pouco máis de mil prazas de media mensual –en termos absolutos iso supón 134 prazas máis que en outubro de 2019-.
- O descenso da demanda prodúcese, por tanto, nun contexto de incremento da oferta dispoñible, circunstancia que leva a un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 40,8% en outubro do pasado ano ao 28,6% actual-. A perda supera os doce puntos porcentuais e coloca a porcentaxe deste ano na máis alta dos destinos urbanos de Galicia –por segunda vez consecutiva pois acontecera o mesmo no pasado mes de setembro-.

*Noites hoteleiras no concello de Ferrol. Mes de outubro 2015-20*



---

**CONCELLO DE LUGO**


---

*Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Lugo*

| Outubro 2020         |            |               |
|----------------------|------------|---------------|
| <b>VIAXEIROS</b>     | Nº         | <b>7.291</b>  |
|                      | Var. 20/19 | -56,7%        |
| <b>PERNOCTACIÓNS</b> | Nº         | <b>11.655</b> |
|                      | Var. 20/19 | -60,1%        |
| <b>ESTADIA MEDIA</b> | Nº         | <b>1,60</b>   |
|                      | Var. 20/19 | -7,8%         |
| <b>OCUPACIÓN (%)</b> | %          | <b>26,52%</b> |
|                      | Var. 20/19 | -28,82        |
| <b>ADR (€)</b>       | €          | <b>38,8 €</b> |
|                      | Var. 20/19 | -17,7%        |
| <b>RevPAR (€)</b>    | €          | <b>13,2 €</b> |
|                      | Var. 20/19 | -55,2%        |

*Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.*


| Outubro 2020                  |            |               |
|-------------------------------|------------|---------------|
| <b>VIAXEIROS NACIONAIS</b>    | Nº         | <b>6.872</b>  |
|                               | Var. 20/19 | -53,5%        |
| <b>VIAXEIROS ESTRANXEIROS</b> | Nº         | <b>419</b>    |
|                               | Var. 20/19 | -79,6%        |
| <b>PERNOCT. NACIONAIS</b>     | Nº         | <b>10.865</b> |
|                               | Var. 20/19 | -57,4%        |
| <b>PERNOCT. ESTRANXEIROS</b>  | Nº         | <b>790</b>    |
|                               | Var. 20/19 | -78,6%        |

**OUTUBRO 2020**

- No pasado mes de outubro rexístrase unha caída importante dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Lugo. A cifra de viaxeiros aloxados descende un 57% e o volume de noites un 60% en relación ao mesmo período do pasado ano, porcentaxes que se sitúan levemente por debaixo da media dos destinos urbanos da comunidade.
- Esta notable caída non ten precedentes na serie histórica e contrasta notablemente co comportamento observado nos últimos anos, período no que Lugo rexistra subas case continuadas que levaron a acadar un máximo de demanda en outubro de 2019 con máis de 29 mil noites. O descenso deste ano deixa o nivel final en preto de doce mil noites.
- En termos de viaxeiros aloxados rexístrase igualmente un descenso importante que rompe de forma abrupta coa serie de anos anteriores e coloca o nivel final en algo máis de sete mil.

- Mantense o comportamento negativo da demanda hoteleira en Lugo nestes meses posteriores ao primeiro estado de alarma, con descenso que igualan ou superan o 60% interanual con carácter xeral desde o mes de xullo.
- Neste mes o 93% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que tan só o 7% restante é de orixe internacional.
- En outubro obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes, do 57% o turismo de ámbito nacional e do 79% o internacional.
- En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellora a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 87% do total das noites hoteleiras en outubro do pasado ano ao 93% actual.
- Neste contexto negativo rexístrase tamén un descenso da estadia media nos hoteis e pensións da cidade. En particular, cae por terceiro ano consecutivo -nun 7,8% neste mes- para situarse en 1,6 noites –a cifra máis baixa dos últimos sete anos e tamén dos destinos urbanos de Galicia-.
- Descende o nivel de demanda nun contexto negativo onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible. Neste sentido o volume de prazas ofertadas cae nun 16% en relación ao pasado ano, con 1.400 prazas de media mensual –en termos absolutos iso supón case 300 prazas menos que en outubro de 2019-.
- Este descenso é inferior ao rexistrado do lado da demanda, de aí que se rexistre un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 55,3% en outubro do pasado ano ao 26,5% deste ano-. A perda achégase aos 29 puntos porcentuais e coloca a porcentaxe deste ano por encima da media dos destinos urbanos de Galicia.
- As tarifas hoteleiras descenden tamén neste mes e de forma importante –nun 18% en particular- situándose en 38,8 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A caída do nivel de demanda e ocupación acontece, por tanto, nun contexto de descenso das tarifas hoteleiras. Ambas circunstancias levan a un empeoramento dos niveis de rendibilidade hoteleira –o RevPAR hoteleiro cae un 55% para situarse en 13,2 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-.

*Noites hoteleiras no concello de Lugo. Mes de outubro 2012-20*





---

**CONCELLO DE OURENSE**


---

*Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Ourense*

| Outubro 2020         |            |               |
|----------------------|------------|---------------|
| <b>VIAXEIROS</b>     | Nº         | <b>3.238</b>  |
|                      | Var. 20/19 | -74,9%        |
| <b>PERNOCTACIÓNS</b> | Nº         | <b>5.351</b>  |
|                      | Var. 20/19 | -74,5%        |
| <b>ESTADIA MEDIA</b> | Nº         | <b>1,65</b>   |
|                      | Var. 20/19 | 1,8%          |
| <b>OCUPACIÓN (%)</b> | %          | <b>13,54%</b> |
|                      | Var. 20/19 | -39,14        |
| <b>ADR (€)</b>       | €          | <b>50,0 €</b> |
|                      | Var. 20/19 | -10,9%        |
| <b>RevPAR (€)</b>    | €          | <b>9,0 €</b>  |
|                      | Var. 20/19 | -74,5%        |

*Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.*


| Outubro 2020                  |            |              |
|-------------------------------|------------|--------------|
| <b>VIAXEIROS NACIONAIS</b>    | Nº         | <b>2.925</b> |
|                               | Var. 20/19 | -73,1%       |
| <b>VIAXEIROS ESTRANXEIROS</b> | Nº         | <b>313</b>   |
|                               | Var. 20/19 | -84,7%       |
| <b>PERNOCT. NACIONAIS</b>     | Nº         | <b>4.655</b> |
|                               | Var. 20/19 | -74,4%       |
| <b>PERNOCT. ESTRANXEIROS</b>  | Nº         | <b>696</b>   |
|                               | Var. 20/19 | -74,7%       |

**OUTUBRO 2020**

- No pasado mes de outubro rexístrase unha forte caída dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Ourense. Tanto a cifra de viaxeiros aloxados coma o volume de noites descende nun 75% en relación ao mesmo período do pasado ano. Son porcentaxes importantes que se sitúan por encima da media de Galicia e dos destinos urbanos da comunidade. Ourense é neste mes unha das cidades de peor comportamento en termos de demanda hoteleira.
- Esta notable caída, sen precedentes na serie histórica, deixa o nivel final deste mes en pouco máis de cinco mil noites, dato que supón un mínimo na serie histórica e que ademais se sitúa como a máis baixa dos destinos urbanos da comunidade.
- En termos de viaxeiros aloxados rexístrase igualmente un descenso importante que rompe coa serie de anos anteriores e coloca o nivel final en algo máis de tres mil no mes de outubro.

- Neste mes o 87% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que tan só o 13% restante é de orixe internacional.
- En outubro obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes e case idénticas en intensidade pois descenden entono ao 75% cada un deles –en contra do que acontece noutros destinos nos que claramente o mercado internacional ten un comportamento peor-. Con isto o peso dos dous segmentos de mercado mantense estable en termos interanuais, cun 87% para o nacional e un 13% para o internacional.
- Neste contexto negativo a estadia media nos hoteis e pensións da cidade mantense relativamente estable. Nun sentido estrito sobe preto dun 2% para situarse en 1,65 noites –a segunda cifra máis baixa dos destinos urbanos de Galicia, moi semellante á rexistrada en Lugo-.
- Descende o nivel de demanda nun contexto de estabilidade da oferta dispoñible. O volume de prazas ofertadas mantense nos niveis do pasado ano, con preto de 1.300 prazas de media mensual. Neste sentido Ourense é unha das cidades que mellor conseguiu recuperar e poñer no mercado o nivel de oferta habitual da cidade neste contexto de crise.
- O descenso da demanda provoca neste caso un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 52,7% en outubro do pasado ano ao 13,5% deste ano-. A perda sitúase nos 39 puntos porcentuais e coloca a porcentaxe deste ano na máis baixa dos destinos urbanos de Galicia.
- As tarifas hoteleiras descenden neste mes –un 10,9% en particular- situándose en 50,0 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A caída do nivel de demanda e ocupación acontece, por tanto, nun contexto de descenso das tarifas hoteleiras. Ambos factores levan a un empeoramento dos niveis de rendibilidade hoteleira –o RevPAR hoteleiro cae un 74,9% para situarse en 9,0 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-.

*Noites hoteleiras no concello de Ourense. Mes de outubro 2012-20*



## CONCELLO DE PONTEVEDRA

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Pontevedra

| Outubro 2020         |            |               |
|----------------------|------------|---------------|
| <b>VIAXEIROS</b>     | Nº         | <b>4.869</b>  |
|                      | Var. 20/19 | -55,7%        |
| <b>PERNOCTACIÓNS</b> | Nº         | <b>8.161</b>  |
|                      | Var. 20/19 | -61,2%        |
| <b>ESTADIA MEDIA</b> | Nº         | <b>1,68</b>   |
|                      | Var. 20/19 | -12,5%        |
| <b>OCUPACIÓN (%)</b> | %          | <b>20,25%</b> |
|                      | Var. 20/19 | -31,58%       |

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


| Outubro 2020                  |            |              |
|-------------------------------|------------|--------------|
| <b>VIAXEIROS NACIONAIS</b>    | Nº         | <b>4.046</b> |
|                               | Var. 20/19 | -35,5%       |
| <b>VIAXEIROS ESTRANXEIROS</b> | Nº         | <b>823</b>   |
|                               | Var. 20/19 | -82,6%       |
| <b>PERNOCT. NACIONAIS</b>     | Nº         | <b>7.017</b> |
|                               | Var. 20/19 | -51,7%       |
| <b>PERNOCT. ESTRANXEIROS</b>  | Nº         | <b>1.144</b> |
|                               | Var. 20/19 | -82,5%       |

### OUTUBRO 2020

- No pasado mes de outubro rexístrase unha forte caída dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Pontevedra. A cifra de viaxeiros aloxados descende un 56% e o volume de noites un 61% en relación ao mesmo período do pasado ano. Son porcentaxes importantes que se sitúan na media dos destinos urbanos de Galicia.
- É o segundo ano consecutivo no que se rexistra unha caída da demanda hoteleira en Pontevedra neste décimo mes, dinámica que acontece en contextos diferentes. En todo caso, este comportamento contrasta cos incrementos que se viñan rexistrando desde 2014 ata 2018 e deixa o nivel final deste 2020 en mínimos históricos con pouco máis de oito mil noites.
- En termos de viaxeiros aloxados rexístrase igualmente un descenso neste mes que coloca o nivel final próximo aos cinco mil.
- Neste mes o 86% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 14% restante é de orixe internacional.

- En outubro obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes, do 52% o turismo de ámbito nacional e do 82% o internacional –porcentaxes referidas ás pernoctacións-.
- En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellore a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 69% do total das noites hoteleiras en outubro do pasado ano ao 86% actual. A diferenza sitúase nos 17 puntos porcentuais e coloca a porcentaxe deste ano na máis elevada da serie –nunca antes o segmento nacional superara o 75% de peso total da demanda-.
- Neste contexto negativo descende por segundo ano consecutivo a estadía media nos hoteis e pensións da cidade -nun 12,5% neste 2020-, colocando a cifra final en 1,7 noites.
- Descende o nivel de demanda nun contexto onde se mantén estable a oferta dispoñible. Neste sentido o volume de prazas sitúase no mesmo nivel do pasado ano con 1.300 prazas. En consecuencia, o descenso da demanda leva a un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 51,8% en outubro do pasado ano ao 20,2% actual-. A perda supera os 30 puntos porcentuais e coloca a porcentaxe deste ano entorno á media dos destinos urbanos de Galicia.

*Noites hoteleiras no concello de Pontevedra. Mes de outubro 2015-20*



## CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Compostela

| Outubro 2020         |            |               |
|----------------------|------------|---------------|
| <b>VIAXEIROS</b>     | <b>Nº</b>  | <b>18.064</b> |
|                      | Var. 20/19 | -78,6%        |
| <b>PERNOCTACIÓNS</b> | <b>Nº</b>  | <b>34.988</b> |
|                      | Var. 20/19 | -77,8%        |
| <b>ESTADIA MEDIA</b> | <b>Nº</b>  | <b>1,94</b>   |
|                      | Var. 20/19 | 3,7%          |
| <b>OCUPACIÓN (%)</b> | <b>%</b>   | <b>18,62%</b> |
|                      | Var. 20/19 | -45,43        |
| <b>ADR (€)</b>       | <b>€</b>   | <b>51,0 €</b> |
|                      | Var. 20/19 | -30,4%        |
| <b>RevPAR (€)</b>    | <b>€</b>   | <b>10,3 €</b> |
|                      | Var. 20/19 | -81,2%        |

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


| Outubro 2020                  |            |               |
|-------------------------------|------------|---------------|
| <b>VIAXEIROS NACIONAIS</b>    | <b>Nº</b>  | <b>14.511</b> |
|                               | Var. 20/19 | -61,2%        |
| <b>VIAXEIROS ESTRANXEIROS</b> | <b>Nº</b>  | <b>3.553</b>  |
|                               | Var. 20/19 | -92,5%        |
| <b>PERNOCT. NACIONAIS</b>     | <b>Nº</b>  | <b>28.703</b> |
|                               | Var. 20/19 | -59,5%        |
| <b>PERNOCT. ESTRANXEIROS</b>  | <b>Nº</b>  | <b>6.285</b>  |
|                               | Var. 20/19 | -92,8%        |

### OUTUBRO 2020

- No pasado mes de outubro rexístrase un comportamento negativo da demanda hoteleira na cidade de Compostela. En particular, descende de forma notable tanto a cifra de viaxeiros aloxados -nun 79%- así como o número de noites -nun 78% neste caso-, porcentaxes importantes que colocan a Santiago como o destino urbano de peor comportamento neste mes – o único que presenta unha caída superior ao 75% interanual-.
- Esta notable caída carece de precedentes na serie histórica e sitúa o nivel final deste mes de outubro en 35 mil noites –dato que supón un mínimo na serie-. No pasado ano xeráranse, por exemplo, 158 mil noites. Santiago pasa a ser o segundo destino urbano máis importante por detrás de A Coruña –circunstancia que cambia pois habitualmente lidera o mercado turístico urbano da comunidade-.
- En termos de viaxeiros aloxados o descenso sitúa o volume final en 18 mil.

- Neste mes o 82% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 18% restante é de orixe internacional.
- En outubro obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes pero de diferente intensidade -do 59% o turismo de ámbito nacional e do 93% o internacional-. En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo, con diferenza, de aí que mellore a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 45% do total das noites hoteleiras en outubro do pasado ano ao 82% actual.
- Acontece o contrario co turismo internacional que perde neste ano preto de 40 puntos no seu peso sobre o total da demanda. Isto leva a unha caracterización do mercado insólita na cidade pois nunca antes o segmento internacional representara menos do 30% do total neste décimo mes do ano.
- Neste contexto negativo a estadia media incrementase nun 3,7% situando o nivel medio en pouco máis de 1,9 noites. Acontece isto por terceiro ano consecutivo –aínda que en contextos ben diferentes- o que sitúa a cifra deste ano na máis elevada desde o 2012.
- Descende o nivel de demanda nun contexto negativo onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible. Neste sentido o volume de prazas ofertadas cae nun 23% en relación ao pasado ano, con pouco máis de seis mil prazas de media mensual –en termos absolutos iso supón entorno a 1.800 prazas menos que en outubro de 2019-.
- O descenso da oferta é en todo caso inferior ao rexistrado do lado da demanda, de aí que se rexistre un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 64,0% en outubro do pasado ano ao 18,6% deste ano-. A perda é de 45 puntos porcentuais –similar á rexistrada en setembro pero que carece de precedentes con anterioridade- e coloca a porcentaxe deste ano na segunda máis baixa dos destinos urbanos de Galicia –só Ourense ten unha cifra inferior-.
- As tarifas hoteleiras descenden tamén neste mes de setembro –nun 30,4% en particular- situándose en 51,0 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A caída do nivel de demanda e ocupación acontece, por tanto, nun contexto de descenso das tarifas hoteleiras. Ambos factores levan a un empeoramento dos niveis de rendibilidade hoteleira –o RevPAR hoteleiro cae un 81,2% para situarse en 10,3 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-.

*Noites hoteleiras no concello de Compostela. Mes de outubro 2012-20*



## CONCELLO DE VIGO

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Vigo

| Outubro 2020         |            |               |
|----------------------|------------|---------------|
| <b>VIAXEIROS</b>     | Nº         | <b>13.565</b> |
|                      | Var. 20/19 | -59,7%        |
| <b>PERNOCTACIÓNS</b> | Nº         | <b>31.463</b> |
|                      | Var. 20/19 | -56,4%        |
| <b>ESTADIA MEDIA</b> | Nº         | <b>2,32</b>   |
|                      | Var. 20/19 | 8,3%          |
| <b>OCUPACIÓN (%)</b> | %          | <b>22,77%</b> |
|                      | Var. 20/19 | -27,04        |
| <b>ADR (€)</b>       | €          |               |
|                      | Var. 20/19 |               |
| <b>RevPAR (€)</b>    | €          |               |
|                      | Var. 20/19 |               |

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


| Outubro 2020                  |            |               |
|-------------------------------|------------|---------------|
| <b>VIAXEIROS NACIONAIS</b>    | Nº         | <b>11.274</b> |
|                               | Var. 20/19 | -53,0%        |
| <b>VIAXEIROS ESTRANXEIROS</b> | Nº         | <b>2.291</b>  |
|                               | Var. 20/19 | -76,4%        |
| <b>PERNOCT. NACIONAIS</b>     | Nº         | <b>25.433</b> |
|                               | Var. 20/19 | -51,5%        |
| <b>PERNOCT. ESTRANXEIROS</b>  | Nº         | <b>6.030</b>  |
|                               | Var. 20/19 | -69,4%        |

### OUTUBRO 2020

- No pasado mes de outubro rexístrase igualmente un comportamento negativo da demanda hoteleira na cidade de Vigo. A cifra de viaxeiros aloxados descende nun 60% e o volume de noites nun 56% en relación ao mesmo período do pasado ano. Son porcentaxes importantes que se sitúan levemente por debaixo da media dos destinos urbanos da comunidade, cun comportamento semellante ao rexistrado en A Coruña ou Lugo.
- Esta notable caída non ten precedentes na serie histórica e contrasta ademais coa tendencia positiva que se viña rexistrando nos últimos anos, de crecementos case continuos no período 2014-19. Isto coloca a cifra final deste mes de outubro en máis de 31 mil noites –a cifra máis baixa de cando menos os últimos vinte anos-.
- En termos de viaxeiros acontece algo semellante, rexistrando preto de 14 mil neste caso.



- Neste mes o 81% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 19% restante é de orixe internacional.
- En outubro obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado. Ambos presentan caídas importantes aínda que de diversa intensidade -do 51% o turismo de ámbito nacional e do 69% o internacional-.
- En termos comparativos o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellore a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 73% do total das noites hoteleiras en outubro do pasado ano ao 81% actual –con oito puntos de mellora que perde, en paralelo, o segmento internacional-.
- Neste contexto negativo rexístrase un incremento da estadia media nos hoteis e pensións da cidade. En particular, sobe por terceiro ano consecutivo -un 8,3% neste 2020- para situarse en 2,3 noites –a terceira cifra máis elevada dos destinos urbanos de Galicia por detrás dos valores de A Coruña e Ferrol-.
- Descende o nivel de demanda nun contexto negativo onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible. Neste sentido o volume de prazas ofertadas descende nun 4,0% en relación ao pasado ano, con 4.500 prazas de media mensual –en termos absolutos iso supón case 200 prazas menos que en outubro de 2019-. Neste sentido Vigo é unha das cidades que mellor conseguiu recuperar e poñer no mercado o nivel de oferta habitual da cidade neste contexto de crise.
- O descenso da oferta é obviamente inferior ao rexistrado do lado da demanda, de aí que se rexistre un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 49,8% en outubro do pasado ano ao 22,8% deste ano-. A perda sitúase nos 27 puntos porcentuais –semellante á de agosto e setembro- e coloca a porcentaxe deste ano na media dos destinos urbanos de Galicia.
- As tarifas hoteleiras descenden neste mes –nun 31% en particular- situándose en 45,3 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A caída do nivel de demanda e ocupación acontece, por tanto, nun contexto de descenso das tarifas hoteleiras. Tal circunstancia leva a un empeoramento dos niveis de rendibilidade hoteleira –o RevPAR hoteleiro cae un 68% para situarse en 13,0 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-.

*Noites hoteleiras no concello de Vigo. Mes de outubro 2012-20*






## ANEXO - GRÁFICOS

*Noites hoteleiras nos destinos urbanos de Galicia. Outubro 2020**Variación das noites hoteleiras nos destinos urbanos de Galicia. Outubro 2020/19*

*Estadía media hoteleira nos destinos urbanos de Galicia. Outubro 2020*



*Ocupación hoteleira e variación interanual nos destinos urbanos de Galicia. Outubro 2020*

